Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introdución á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.

Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a

recepción.

**BLOQUE 2 – EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.

Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.

**BLOQUE 3 – EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE**

Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.

Estratexias de procura, filtrado e valoración.

**BLOQUE 4 – EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.

Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.

**6º NIVEL**

**BLOQUE 1 – EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE**

Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introdución á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.

Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.

Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.

**BLOQUE 2 – EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual,

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais en debuxos e modelados.

Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

**BLOQUE 3 – EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE**

Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.

Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción.

Animación.

**BLOQUE 4 – EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Técnicas básicas de animación.

Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar na aprendizaxe competencial en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O espazo físico do programa de innovación educativa Polos Creativos, e o Proxecto Documental Integrado que cada curso se desenvolve en todos os grupos do centro estarán orientados ao traballo a través de metodoloxías activas, especialmente o traballo por proxectos.

Para potenciar a competencia plurilingüe, desenvolverase unha Sección Bilingüe en cada curso da etapa de Educación Primaria, garantindo, cando menos, a utilización da Lingua Inglesa, a metade do tempo da área non lingüística de Educación Plástica e Visual.

O Proxecto Lector do centro, pola súa banda, recolle diversas actuacións orientadas á potenciación da mellora da competencia de comunicación lingüística, coma os itinerarios lectores, e as actividades comlementarias de fomento da lectura que se desenvolven co apoio do equipo de biblioteca do centro.

Por outra banda, o desenvolvemento da competencia dixital terá a seguinte secuenciación ao longo dos cursos de Educación Infantil e Primaria:

**SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS PARA INTEGRAR EN CADA UN DOS CICLOS PARA DESENVOLVER A COMPETENCIA DIXITAL NO ALUMNADO.**

**Educación Infantil:**

Reflexión sobre o uso de dispositivos móbiles nesta etapa.

- Coñecer e identificar os medios tecnolóxicos presentes na aula: ordenador e periféricos, proxector, pizarra dixital ( en caso de ter unha na aula), tableta...
- Coñecer e empregar de xeito básico a cámara dixital de vídeo e fotografía.
- Acender e apagar os dispositivos tecnolóxicos da aula.
- Resolver actividades sinxelas ou xogos interactivos empregando o rato e o teclado do ordenador (clic, dobre clic, mayúsculas, números...).
- Utilizar a pizarra dixital para desenvolver actividades ou xogos previamente definidos.
- Empregar a tableta para realizar actividades sinxelas.
- Respectar as normas establecidas para empregar os recursos tecnolóxicos.
- Coidar e empregar de forma axeitada as ferramentas tecnolóxicas.
- Utilizar o teclado para recoñecer letras e escribir o nome.
- Identificar os medios tecnolóxicos como fonte de información, investigación e expresión.

**1º ciclo Educación Primaria**

- Coñecer as diferentes partes dun ordenador.
- Dominar o manexo do rato.
- Coñecer as diferentes iconas máis utilizadas (navegador, cámara...)
- Entrar na aula virtual do centro e desenvolverse nela.
- Creación de cartafoles para gardar os documentos.
- Buscar imaxes no navegador e gardalas no cartafol.
- Comezar coa utilización de procesador de textos: escribir títulos, inserir imaxes, pequenos fragmentos...
- Facer fotografías.
- Buscar imaxes e descargalas na tableta e no ordenador.
- Recoñecer as fontes de información.
- Utilizar programas educativos de modificación de imaxes.
- Iniciarse no uso dos medios de comunicación: elaboración e edición de pequenos vídeos, gravación e edición de pequenos audios, elaboración e edición de textos ou noticias para unha revista.

**2o ciclo Educación Primaria**

- Diferenciar asunto, dirección e corpo nos correos electrónicos achegando arquivos.
- Empregar o procesador de textos e programas online para facer presentacións enriquecendo os arquivos con diferentes tipografías, cores, formas e imaxes.
- Crear cartafois para organizar os diferentes tipos de arquivos.
- Realizar buscas en Internet. Copiar ou gardar imaxes, textos seleccionados...
- Elaboración de mapas mentais con ferramentas dixitais.
- Facer as tarefas propostas na aula virtual, sendo quen de enviar arquivos.
- Gravar e editar vídeos e audios empregando diferentes dispositivos e programas axeitados.
- Información entre iguais e para comunicarse co profesorado.
- Realizar actividades en páxinas web recomendadas.

**3o ciclo Educación Primaria**

Comunicación:

- Empregar ferramentas comunicativas (videoconferencia, mail, mensaxería) con autonomía e corrección.
- Elaborar documentos compartidos (textos, gráficas, presentacións, rutas xeolocalizadas...)

Compartir arquivos con outros membros do grupo utilizando plataformas corporativas como AV ou Agueiro.

- Coñecer os usos e potencialidades das RRSS e os seus riscos se non se empregan ben.

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

- Creación de contidos propios para traballar os medios de comunicación: TV (programas de **debate,** informativos, documentais, anuncios publicitarios...), radio (escaletas de radio con diferentes contidos: xogos, informativos, música, anuncios publicitarios, entrevistas...), prensa (revistas ou xornais de aula con diferentes seccións: publicidade, noticias, opinión, pasatempos, entrevistas, traballos escolares ).

- Creación de contidos propios para traballar os medios de comunicación: TV (pequenos programas), radio (escaletas de radio), prensa (revistas ou xornais de aula).

- Coñecer diferentes programas e apps para a edición de imaxes (recortar, modificar, filtros...).

- Recoñecer a propiedade intelectual e cómo respetala nas creacións propias.

Ofimática:

- Empregar a folla de cálculo para rexistrar datos, facer cálculos sinxelos e crear gráficas.
- Empregar un procesador para a creación de diferentes tipos de textos.
- Realizar unha presentación empregando diferentes programas.
- Elaborar e deseñar un cartel.
- Xestión de almacenamento propio do contido que se descarga, emprega.

Información:

- Buscar, seleccionar e curar contidos comprobando que as fontes de información son fiables.
- Creación e publicación de contidos na web: blogs, bitácoras, rrss,
- Uso de programas online de GPS para creación de roteiros (literarios, deportivos, ecolóxicos).

**Son, imaxe e vídeo:**

- Gravación e edición de vídeos para a TV escolar ou da aula.
- Gravación e edición do escritorio.
- Creación e edición de imaxes.
- Gravación e edición de audios. (Audacity) para a radio escolar.

**Robótica:**

- Realizar programacións en diferentes soportes.
- Programar un robot para que execute ordes.
- Empregar a robótica para o desenvolvemento da competencia científica e matemática.
- Pensamento computacional.

Realidade Aumentada, Realidade Virtual ou Impresión 3D:

- unha cámara para mellorar a realidade agregando información adicional nela (Thinglink ou calquera outra aplicación).

Creación de escenarios virtuais para localizar neles os traballos do alumnado: fotografías 360o, CoSpaces, rutas virtuais por escenarios reais...

- Empregar a impresión 3D para o coñecemento da realidade. Fabricación de obxectos cotiás: rodas, sinais con formas xeométicas, chaveiros con formas determinadas... Está moi vencellado ao traballo

de xeometría da área de matemáticas.

**c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Os elementos transversais que se desenvolverán son os que están relacionados coas conmemoracións recollidas no calendario escolar, así como aqueles valores que están amplamente aceptados, e os recollidos nas diferentes lexislacións educativas.

Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes destacan os dereitos da infancia como principio reitor; a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros docentes e unha maior personalización da aprendizaxe; a importancia de atender ao desenvolvemento sustentable que inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica; e tamén o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta a actividade educativa. A sociedade no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.

Estes enfoques poden englobarse nos seguintes eixes transversales:

<u>Educación para a convivencia:</u>

O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas queforman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esas actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.

Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

<u>Educación do consumidor:</u>

Os nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente reina neste modo de vida. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

<u>Educación para a saúde:</u>

Promovendo estilos de vida saudable, baseados en exercicio físico e unha alimentación axeitada.

<u>Educación ambiental:</u>

A Illa de Arousa posúe un entorno natural importantísimo, que resulta preciso coñecer e manter. Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural. A localidade atópase inmersa nun proceso de transición enerxética, algo que deberá darse a coñecer dentro dos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible 2030.

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

Educación vial:

Traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.

Educación intercultural:

Contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social.
Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

Coeducación:

Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade.
Polo tanto modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

Educación para a paz:

Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades
debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionalas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

Cultura galega:

O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país.

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

**d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Na etapa de Educación Infantil, o proceso de ensino e aprendizaxe basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas positivas, na experimentación e no xogo, nos que se vaia construíndo a autoestima e a integración social, e un apego seguro nun clima de confianza.

As metodoloxías serán principalmente activas, nas que se manexen diferentes modelos de aprendizaxe, que dinamicen os intercambios verbais individuais e colectivos, a experimentación, a investigación, a observación e a manipulación, nos que o alumnado precise poñer en práctica un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que conforman as competencias.

Na etapa de Educación Primaria a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

O horario do alumnado deberá reflexar o tempo que se adica a traballo por proxectos. Este tempo poderá adicarse a proxectos de aula ou a desenvolver a participación de cada grupo aula no Proxecto Documental Integrado que se propón a nivel de centro en cada curso académico.

- Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en prácticade mecanismos
de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura
de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura e práctica da oratoria, todos os grupos do centro realizarán a "Hora de Ler," garantindo 20 minutos de lectura, que se integrarán na primeira sesión lectiva despois do recreo.
- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
- Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como
curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

**e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Na etapa de Educación Infantil primaranse as metodoloxías activas que fomenten a experimentación, a resolución de problemas, e o coñecemento da realidade máis próxima. Empregáranse tanto recursos ambientais, para aproveitar a singularidade natural e social da contorna, como humanos, referidos a calquera membro da comunidade educativa en sentido amplo, como recursos materiais de diferente natureza (elaboración propia, proporcionados polas familias ou incluídos no Proxecto de Xestión do centro). Para a súa selección teranse en conta as característica e necesidades do
alumnado de 3 a 6 anos. Procurarase que sexan materiais variados, polivalentes, seguros e estimulantes, que esperten a súa curiosidade , o desexo de manipulalos, fomentando así a súa iniciativa e creatividade. Priorizaranse materiais naturais na medida do posible, evitando o emprego excesivo de plásticos. En canto aos materiais non estruturados, concederase especial importancia aos elementos naturais da súa contorna, para crear ambientes significativos e vinculados á súa identidade. Incluiranse tamén materiais de refugallo traballando así valores como o consumo responsable e o coidado do medioambiente.

No primeiro e segundo ciclo de Educación Primaria os materiais didácticos serán escollidos polo profesorado responsable de cada área, cada ano no primeiro ciclo e cada catro cursos no segundo, e guiaranse polos seguintes
criterios para a elección dos mesmos:

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

No terceiro ciclo de Educación Primaria utilizaranse os recursos propios do programa E-Dixgal, podendo utilizarse de xeito complementario outros recursos e materiais didácticos que se estimen oportunos por parte do profesorado responsable de cada área.

**f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O alumnado pode cursar a área de Educación Plástica e Visual ao abeiro dunha Sección Bilingüe en todos os cursos de Educación Primaria, garantindo a impartición da mesma en Lingua Inglesa, cando menos, ao 50%. Así mesmo o alumnado poderá escoller entre as áreas de Relixión Católica e Proxecto Competencial.

**g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias deseñaranse e implementaranse seguindo os principios de inclusión e equidade, tendo en conta especialmente a atención á diversidade existente no centro.

**h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.**

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. O profesorado responsable da materia elaborará ao inicio do curso un Plan de Reforzo e Recuperación da materia pendente, orientado a alcanzar as aprendizaxes imprescindibles, que lle permita continuar con éxito no nivel que comeza.

O seguimento da recuperación das materias pendentes realizarase a través da avaliación trimestral do Plande reforzo e recuperación, nas xuntas de avaliación ordinarias.

Xunto coa información trimestral ás familias, comunicarase a conclusión dos avances ou superación do plan para recuperar a materia pendente.

**i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O alumno/a que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. O equipo docente elaborará un Plan específico de reforzo para o alumnado que non promocione, tendo en conta o establecido no artigo 50 da orde do 8 setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade".

As familias serán informadas da existencia do Plan de Recuperación, e da adquisición e superación do mesmo no momento que se acade.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

O equipo de mestras e mestres que imparten clases ao alumnado decidirán sobre a súa promoción, tendo en conta, especialmente, a opinión das persoas titoras, e valorando a evolución do proceso de aprendizaxe

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

do alumnado en cuestión, a súa madurez e a integración no grupo.

**j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

A o finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

A promoción dun alumno/a terá como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción ou non promoción dun alumno/a tendo en conta os seguintes criterios:

- O grao de madurez e circunstancias persoais do alumno/a. Sendo indicadores de valoración os antecedentes académicos, causas xustificadas de ausencias ao centro durante o curso escolar, situación familiar concreta, recente traslado do menor ao centro, incorporación tardía, así como calquera outra causa que incídese no proceso de aprendizaxe do alumno/a.
- Análise e valoración das medidas de atención a diversidade. Sendo indicadores o análise e valoración das medidasde atención á diversidade levadas a cabo en función das necesidades detectadas.
- Relación e inclusión grupal. Sendo indicadores de valoración a relación e a inclusión do alumno/a co seu grupo de referencia. O equipo docente determinará se a continuación do alumno/a co seu grupo de referencia benefiará a súa evolución académica.
- Con dous ou mais materias suspensas. O equipo docente determinará se as materias non superadas llepermiten seguir con éxito, ou non, o curso seguinte e se ten expectativas favorables de recuperación.

O alumno/a que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. O equipo docente elaborará un Plan específico de reforzo para o alumnado que non promocione tendo en conta o establecido no artigo 50 da orde do 8 setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade".

As familias serán informadas da existencia do Plan de Recuperación, e da adquisición e superación do mesmo no momento que se acade.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

O equipo de mestras e mestres que imparten clases ao alumnado decidirán sobre a súa promoción, tendo en conta, especialmente, a opinión das persoas titoras, e valorando a evolución do proceso de aprendizaxe do alumnado en cuestión, a súa madurez e a integración no grupo.

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

**k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra.**

Para obter unha mención honorífica en 6o de Educación Primaria, é necesario:

1 Acadar unha media de sobresaínte na avaliación final nas materias de sexto, segundo os criterios de avaliación da programación didáctica.

2 Lograr unha valoración de ¿sempre¿ nas seguintes capacidades que recolle o boletín trimestral de información ás familias en XADE: Acaba os seus traballos, coida o material, cumpre as normas, é correcto no trato e respecta os dereitos dos outros.

**l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

A elaboración e avaliación das programacións didácticas terá como referente o establecido no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente o indicado no artigo 5.4, no que se especifica que "as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe." A incorporación das pautas DUA nas unidades didácticas, e no deseño das situacións de aprendizaxe seguirá, con carácter xeral, o seguinte esquema:

1. Situación de aprendizaxe de partida: No inicio da unidade didáctica, momento para establecer entre o alumnado e a unidade didáctica un vínculo, acadando a implicación do mesmo.

2. Coñecer, pensar e comprender: O alumnado ten como obxectivo principal acceder á información e aos coñecementos da unidade, e comprendelos. Serán esenciais as estratexias de representación da información.

3. Actuar e comunicar: Unha vez que o alumnado accedeu á información e a comprendeu, estará preparado para utilizala de xeito coherente coa proposta didáctica.

4. Avaliación da competencia do alumnado: Priorizando a reflexión e a autoavaliación do alumnado sobre o proceso de aprendizaxe, permitíndolle establecer unha conexión entre o que sabía e o que aprendeu.

O deseño das situacións de aprendizaxe que se desenvolverán en cada unidade didáctica terán un enfoque inclusivo, procurando a máxima individualización posible, e rexiranse polas seguintes pautas:

- Proporcionar múltiples formas de representación: Aprendizaxe, e transferencia de aprendizaxe, prodúcese cando múltiples xeitos de representación entran en acción, xa que iso permitirá ao alumnado realizar múltiples conexións internas, así coma entre conceptos.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión: Tentando ofrecer o xeito máis apropiado a cada situación de aprendizaxe e á diversidade do grupo aula.
- Proporcionar diversas formas de implicación: Tendo en conta os diferentes estilos de aprendizaxe presentes no grupo aula.

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil, e da etapa de Educación Primaria incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introdución.

b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O resumo de programación para as familias deberá incluir, cando menos, os seguintes aspectos:

1. As aprendizaxes esenciais e os saberes básicos que desenvolverá a programación, e asúa contribución ao perfil de saída da etapa.

2. A metodoloxía e os recursos didácticos, materiais e persoais, que se empregarán.

3. Os criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado relacionados cos aprendizaxes básicos e esenciais da programación.

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla

**m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

A participación do centro en proxectos, plans e programas terá que vincular o interese dos mesmos en relación ao desenvolvemento do Proxecto Educativo do centro. A proposta poderá presentarse a través dos diferentes órganos de coordinación docente, e terá que ser aprobada polo claustro do profesorado e o consello escolar do centro.

Para a aprobación dos mesmos, teranse en conta os seguintes criterios:

- O programa, plan ou proxecto contribúe a desenvolver os aspectos curriculares ou transversais das programacións didácticas.
- Os programas plans ou proxectos propostos contribúen a desenvolver aspectos específicos da identidade do centro, ou dos fins recollidos no Proxecto Educativo.
- Desenvolveranse prioritariamente os plans, proxectos e programas da Consellería de Educación, do Ministerio de Educación, e os promovidos polo Fondo Social Europeo e as institucións europeas.
- Poderán desenvolverse programas, plans e proxectos de institucións ou organismos privados sen ánimo de lucro que poidan contribuír aos fins do proxecto educativo do CEIP Torre Illa, ou resulten de interés pedagóxico, sempre e cando o claustro do profesorado así o estime.

**n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A Comisión de Coordinación Pedagóxica do CEIP Torre Illa será a responsable de avaliar a implementación da presente Concreción Curricular, así como de revisar a adecuación da da mesma ás diferentes disposicións normativas, e propoñer ao claustro as modificacións que se consideren oportunas. A avaliación e seguemento realizarase, cando menos, unha vez durante o curso escolar, preferiblemente durante o primeiro trimestre do curso, logo da elaboración das programacións didácticas.

Rúa Pombal 1
36626- A Illa de Arousa (San Xulián)
Tfno: 886 151 068. Fax: 886 151 074
ceip.torre.illa@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla